

Á atención dos medios de comunicación:

As mulleres, protagonistas no I Festival do Audiovisual de Sanxenxo que comeza mañá

- **O I Festival da Madama está adicado a recoñecer a labor das mulleres no eido do audiovisual.**
- **Organizado polo Concello de Sanxenxo e a produtora Mr. Misto Films, terá lugar entre os días 19 e 21 do presente mes de febreiro.**

Vilagarcía de Arousa, 18 de febreiro de 2009-. O I Festival do Audiovisual de Sanxenxo ou Festival da Madama nace neste 2009 coa vontade de recoñecer o traballo das mulleres no eido da produción audiovisual e de profundizar na particular ollada feminina que se reflicte en obras cinematográficas de diferente factura e procedencia, incidindo no seu particular xeito de ver pero sen deixar de lado o xeito en que son miradas.

Grazas a unha iniciativa do Concello de Sanxenxo materializada pola produtora Mr. Misto Films, a vila pontevedresa converterase durante os días 19, 20 e 21 de febreiro nunha gran sala de cinema na que os espectadores poderán asistir a diferentes pases das vinteoito curtas seleccionadas para concurso, que, dun xeito ou doutro, exemplifican a implicación da muller na creación audiovisual, a nivel tanto da técnica como da propia creación.

O xurado encargado de decidir a curtametraxe gañadora en cada unha das categorías a concurso, Ficción e Animación, está composto por tres profesionais galegas de recoñecida traxectoria no país, cada

unha delas procedente de ámbitos ben distintos dentro do audiovisual. Por unha parte, Tamara Canosa, unha xoven actriz que vén de colleitar un éxito sen precedentes coa súa participación na galardoada cinta *Pradolongo*; por outra banda, unha docente do IES Imaxe e Son da Coruña, Olaia Sendón; e, por último, unha prolífica directora de produción, Susana Maceiras, á que, precisamente nesta primeira edición se lle brinda unha homenaxe como recoñecemento á súa destacada carreira como produtora, na que destaca o éxito do premiado filme *O neno de barro*, que será proxectado no certame.

Así, este primeiro Festival da Madama, que adopta o nome da coñecida escultura que, en forma de muller, simboliza a beleza do mar e a esencia de Sanxenxo, ten xa todo preparado para que o Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán, como non podía ser doutro xeito, se convirta estes días no mellor escaparate do bo facer das mulleres que contan historias en imaxes e dos que fan ás mulleres protagonistas desas historias.

Saúdos cordiais de Mr. Misto Films.